



RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA POLA QUE SE NOMEA A COMISIÓN CENTRAL DE AVALIACIÓN DAS PROBAS CELGA PARA O ANO 2022

ANTECEDENTES

Ao abeiro da Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), determínase o procedemento para realizar as probas de avaliación dos coñecementos de lingua galega.

Esta orde, que recolle os criterios que se establecen no Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino e avaliación, representa o paraugas do sistema de educación para adultos de lingua galega destinado, fundamentalmente, aos que non tiveron a oportunidade de coñecer e aprender a lingua galega no ensino obrigatorio por diferentes circunstancias.

A devandita orde estipula no seu artigo 5:

1. A Secretaría Xeral de Política Lingüística nomeará unha Comisión Central de Avaliación que se responsabilizará das seguintes funcións:

- a) Programación das probas e proposta de convocatoria á Secretaría Xeral de Política Lingüística.*
- b) Elaboración dos exames.*
- c) Avaliación daquelas probas que lle corresponda.*
- d) Elaboración de actas do resultado das avaliacións.*





2. A Comisión Central de Avaliación das probas estará composta polos seguintes membros, nomeados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, entre expertos na avaliación do coñecementos da lingua galega:

- a) Presidente/a.
- b) Secretario/a.
- c) Cinco vogais.

3. O nomeamento dos membros da Comisión Central de Avaliación terá unha vixencia anual.

Por todo o que antecede, RESOLVO:

1. Nomear a Comisión Central de Avaliación, cos seguintes membros:

CARGO	TITULAR	SUPLENTE
Presidenta	M ^a Lourdes Batán Aira	Elvira M ^a Casal García
Secretaria	Oliva Amorín López	María J. Rodríguez Cantón
Vogal	Olga López López	Concepción Díaz Candán
Vogal	Estrella Castro Antelo	Pilar Ponte Patiño
Vogal	Concepción Armas Quintá	M ^a Victoria Cerviño Ferrín
Vogal	Xaime Varela Sieiro	Isabel Gil Gil
Vogal	Purificación Galán Boutureira	Xosé Gregorio Ferreiro Fente

2. Este nomeamento terá vixencia ata o remate do mes de decembro de 2022.

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

